



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 3 DE OUTUBRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trintas minutos do día tres de outubro de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz (que se incorpora cando se cita)
- D. M. Javier Crespo González (que se incorpora cando se cita)

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE. 2.952/2014.- D. MANUEL BOUZAS FERREIROS, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M²., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA POR OUTRA NOVA DO PAIS COLOCADA SOBRE URALITA EXISTENTE CON GANCHOS INOX., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE SAA N^o. 23, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.992/2014. D. ERNESTO CORREA FIUSA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA VELLA E COLOCAR URALITA E TELLA NOVA DO PAIS, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA PRAZA DE SAN AMARO N^o. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.451/2014. D^a. MARÍA DEL ROSARIO ÁLVAREZ LORENZO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A URALITA VELLA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA MIXTA, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE HERNÁN CORTÉS N^o. 46, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 4.676/2014. D. AMADOR TEIXEIRA SILVA, PARA APERTURA DE OCO EN MURO DE MAMPOSTERÍA NUN ANCHO DE 8,00 MTS. PARA INSTALACIÓN DE PORTAL DE CORREDOIRA, NA FINCA SITUADA NO LUGAR DE "O PASAXE" (PARCELA N°. 17-POLÍGONO N°. 38), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA N°. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.970/2014. D. JULIO CÉSAR CORREA GONZÁLEZ, PARA REPARAR O TELLADO NUNHA SUPERFICIE DE 36,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA DO PAIS EXISTENTE POR OUTRA NOVA, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE BALIÑOS N°. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N°. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.193/2014.- D. FRANCISCO SILVA PUEBLA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 156,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EXISTENTE, COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO ATORNILLADAS AS VIGAS EXISTENTES E POBLADO CON TELLA CURVA DO PAIS, CON REMATE DE ALEIROS, CUMIOS E LIMAS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA AVDA. DE SAN LORENZO N°. 11, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL (ORDENANZA N°. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.331/2014. D. JOSÉ BERNARDO BAZ RODRÍGUEZ, PARA INSTALACIÓN DUNHA CANCELA DE ACEIRO INOXIDABLE NO ACCESO AO EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ N°. 12, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N°. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.764/2014. D. JOSÉ FERNANDO BAZ BAZ, PARA SANEAMENTO POR DETERIORO DE FACHADA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR N°. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N°. 3 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.349/2014.- TRANSGALAICA, S.L. PARA REFORMAS DE AMPLIACIÓN SALA FITNESS E CREACIÓN DE ASEOS PÚBLICOS NA PISCINA MUNICIPAL, EN SOLO DE EQUIPAMENTOS.

PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.509/2014.- D^a. MARIA LIMA PACHECO, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL PARA CLÍNICA DE FISIOTERAPIA SITO NA RÚA DE TUI N^o. 2-BAIXO (BAIXO A), EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D^a. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ ALVAREZ (RE 5.498 de 19.09.2014), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS (Epig. 647.1) sito na rúa de José María Andreini, n^o 1-baixo que antes figuraba a nome de DELIA RODRÍGUEZ ALVAREZ.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D^a. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ ALVAREZ cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de DELIA RODRÍGUEZ ALVAREZ para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS (Epíg. 647.1) sito na rúa de José María Andreini, n^o 1-baixo de A Guarda.

PUNTO 4.- LICENCIAS DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D^a. MARIA LIMA PACHECO (RE 5.645 de 30/09/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de CLINICA DE FISIOTERAPIA (EPIG. 836.2) situado na rúa de Tui, n^o 2-baixo Esq.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. MARIA LIMA PACHECO licenza municipal n^o 27/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de CLINICA DE FISIOTERAPIA (Epíg. 836.2) situado na rúa de Tui, n^o 2-baixo esq..



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 5.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 2.688/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 19-05-2014 (R.E. nº 2.688), por D^a. FRANCISCA LIMA ALVAREZ con DNI Nº 35.809.371-G e con domicilio na rúa de 1^a Transv. Aloqueiro, nº 22 de A Guarda-C.P. 36789, para "AMPLIACIÓN E REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, SITA NA RÚA DE 1^a TRANSV. ALOQUEIRO, Nº 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.) segundo proxecto técnico suscrito polo arquitecto D. José Luis Vazquez Perez (Visado C.O.A.G.: 09-05-2014 e 17-06-2014).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 25-06-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 25-06-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a D^a FRANCISCA LIMA ALVAREZ. licenza para AMPLIACIÓN E REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, SITA NA RÚA DE 1^a TRANSV. ALOQUEIRO, Nº 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.) de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

Neste momento incorpóranse á sesión os Sres. Lomba Baz e Crespo Gonzalez.

PUNTO 6.- ACORDOS

Lese o escrito RE 4.979 de data 28 de agosto de 2014, presentado por D. JOSÉ MANUEL RENDA ALVAREZ, con enderezo na rúa 3ª Transv. A Cruz, nº 24 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga correspondente ó 2º trimestre de 2014 por consumo excesivo debido a unha avaría na caldeira, e a emisión dun novo polo media ponderada.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude xa que, como sinala o fontaneiro municipal, unha avaría na caldeira ou instalación da caldeira é perceptible dende o primeiro momento que se produce, e non ten por que ocasionar un maior consumo dado que non se atopa nun lugar de imposible ou difícil detección.

Lese o escrito RE 5.670 de data 1 de outubro de 2014, presentado por RODRIGO PEREIRA ALVAREZ, con domicilio na rúa Brueira, nº 16 de A Guarda, solicitando a anulación dos recibos de auga correspondentes ó 2º e 3º trimestre de 2014 por consumo excesivo debido a unha avaría nunha tubería detectada o 29.09.2014.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude xa que resulta acreditado que a avaría é de moi facil detección e debería darse conta no momento que se produciu.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de AGOSTO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 17 de setembro de 2014 comunicando o auto ditado o 31 de xullo de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra acordando a terminación da peza de execución da sentenza ditada o 10 de maio de 2011 polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 43/10 entablado por Dña. Antonia Baz Gomez contra a desestimación presunta da denuncia presentada no escrito o 9 de xullo de 2010 interesando a suspensión de todo tipo de evento que supere os niveis máximos de presión acústica permitidos que se celebren na Praza de San Benito, así como a precisión que foi introducida en grado de apelación por sentenza do TSXG de 7 de xaneiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto que se comunica.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 1 de outubro de 2014 comunicando a sentenza ditada o 23 de setembro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 419/12 entablado por D. EULOGIO ABELEIRA CABALEIRO contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de outubro de 2012 pola que se rechaza a denuncia urbanística presentada o 1 de marzo de 2010 pola que se denuncia obras realizadas por D. Nicolás Domínguez Perez en vivenda unifamiliar sita na rúa Brandián, denuncia que foi desestimada por exercizo abusivo da acción pública urbanística.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza.

Lese o escrito RE 5.657 de data 16 de setembro de 2014, presentado conxuntamente polas direccións dos CEIP: As Solanas, Manuel Rodríguez Sinde e A Sangriña, e solicitando autorización para o uso da Piscina Cuberta Municipal durante os meses de marzo, abril e maio de 2015, nos horarios que se detallan e para os cursos de quinto e sexto de primaria.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e dar traslado deste acordo á Piscina Municipal.

Dase conta do escrito RE 5.434 de data 16 de setembro de 2014, presentado por D. UBALDO ZABALA ARBULU, como Secretario do Conservatorio Elemental de



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Música de A Guarda, poñendo en coñemento un acordo adoptado no Claustro Ordinario de profesores de data 4 de setembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 5.548 de data 24 de setembro de 2014, presentado por DNA. M^a JESÚS MARTINEZ MARTINEZ, en calidade de vogal do Partido Popular na Entidade Local Menor de Camposancos, e con enderezo na rúa Salgueiró, n^o 22 de A Guarda, solicitando que se tomen as medidas necesarias para correxir as deficiencias da estrada de Camposancos que orixinan a formación de grandes embalsamentos de auga na calzada.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se dará traslado desta queixa á Xunta de Galicia que, como seguramente saberá, é a titular da vía e polo tanto a administración competente nesta materia.

Lese o escrito RE 5.365 de data 15 de setembro de 2014, presentado por D. CELESTINO JIMENEZ JIMENEZ, con enderezo na rúa Rollo, n^o 5-4^oC de Tui, solicitando a ampliación do posto n^o 29 do mercadiño municipal dos sábados ata os 12 metros.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste acordo á tesoureiría municipal e o encargado do mercado.

Lese o escrito RE 5.366 de data 15 de setembro de 2014, presentado por D. MAMADOU LAMINE DIALLO, con enderezo na rúa Hernán Cortés, n^o 15-1^oD de Vigo, solicitando a concesión de 2 metros no Mercadillo Municipal dos sábados para a colocación dun posto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste acordo á tesoureiría municipal e o encargado do mercado.

Sendo as doce horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.